

## **Criterios de cualificación e recuperación de Latín 4º ESO.**

### • CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓNS.

As unidades didácticas serán cualificadas en cada avaliación en función das probas realizadas e as táboas de indicadores aplicadas e farán media entre sí aplicando a fórmula seguinte:

$$60\% \text{ (Traballo aula)} + 40\% \text{ (Probas realizadas)}$$

### • CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final de curso hase obter mediante a seguinte fórmula:

$$((\text{Cualificación 1.ª aval.} \times 0,20) + (\text{Cualificación 2.ª aval.} \times 0,30) + (\text{Cualificación 3.ª aval.} \times 0,50))$$

Nótese que o multiplicador corresponde ao peso correspondente do conxunto de UD que integran cada avaliación. Aprobará o alumnado que na aplicación desta fórmula obteña ao final de curso unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

### • ADVERTENCIAS:

1. REDONDEO: As medias resultado de fórmulas serán redondeadas unicamente de 0.75 ao número enteiro seguinte, agás no 4,75 que decidirá a profesora en función das anotacións e traballo realizado polo alumnado durante o curso.

O redondeo da media final da cualificación de avaliación para poñer no boletín farase por aproximación ao enteiro máis próximo a partires do 0.75. Por exemplo, 6,75 será redondeado en 7 e 8,75 será redondeado en 9. **Mais hai que ter presente que a cualificación a ter en conta para a cualificación final será a real e non a redondeada que aparecerá no boletín.**

### • CRITERIOS DE RECUPERACIÓN:

O alumnado que ao final de cada avaliación non obteña en aplicación das fórmulas previamente expostas unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, será informado dos obxectivos non alcanzados na avaliación. Desta forma será coñecedor dos aspectos que terá que reforzar para as seguintes avaliacións, xa que a nota non é media nin continua, senón media ponderada.

No caso de que unha/un alumna/o non aprrobe o curso na convocatoria ordinaria, será informado do procedemento para recuperar a materia e as datas para a realización das probas e entrega dos traballos e exercicios de todo o curso.